


QUE HAI QUE LEVAR?

- Merendiña para a mañá do primeiro día
- Unha mochila pequena e cómoda para os itinerarios
- Calzado cómodo para andar, que non sexa de estrea, resistente á auga e calcetíns altos.
- Roupa cómoda (chándal ou parecido)
- Roupa de reposto.
- Gorriña ou viseira para o sol
- Chuvasqueiro por se chove
- Cantimplora
- Crema protectora solar e hidratante
- Un caderno de campo
- Bolsa de aseo (xel, peite, xampú, toalla de baño, pasta de dentes e cepillo, chanclas para a ducha)
- Pixama/Roupa para dormir
- Un foco ou lanterna
- Bolsa, mochila ou maleta mediana para meter todas as cousas necesarias da excursión.
- Copia da tarxeta sanitaria
- Non é preciso que leves o móbil, así gozarás máis da túa estancia no Courel. Hai teléfono na instalación e dispoñemos dun tempo destinado para recibir chamadas (entre as 21.30 e 22:30 horas). Telf: 982.097.595





Material que tamén podes levar:

- Prismáticos: serviranche para observar os voos das aves e as paisaxes.
- Lectura para os momentos de descanso.



ONDE ESTAREMOS?



Máis información:
SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN
Teléfono: 981-610000 Extensión 4922
Correo-e: ensino@oleiros.org

Concello de  Oleiros



APRENDEMOS NA NATUREZA

SERRA DO COUREL

IES Xosé Neira Vilas

1º de ESO

1ª Quenda: do 8 ao 10 de abril de 2026
2ª Quenda: do 22 ao 24 de abril de 2026



Organiza:

Servizo Municipal de Educación
Concellería de Cultura, Normalización
Lingüística, Ensino e Xuventude

Concello de  Oleiros

Aprendemos na natureza: Serra do Courel

Este programa de Educación Ambiental organizado pola Concellería de Ensino e Xuventude do Concello de Oleiros, realízase en colaboración cos Centros de Ensino Público. Os seus obxectivos básicos son, dar a coñecer de xeito didáctico e lúdico os distintos territorios e comarcas do país, descubriendo os nosos tesouros naturais, culturais, histórico - artísticos, etnográficos...

A natureza, a cultura, os xogos, a convivencia e a autonomía persoal serán o cerne das nosas actuacións educativas, promovendo actitudes de conservación, coidado e respecto do medio ambiente.

Nesta ocasión achegámonos á Serra do Courel, na montaña oriental de Galicia, unha zona de moitos contrastes e cunha grande importancia ecolóxica.

A devesa da Rogueira: un bosque 10

No Courel aínda se conservan importantes mostras do noso bosque autóctono, coñecidos aquí popularmente como "devesas".

A devesa da Rogueira, que imos visitar, é a máis extensa e mellor conservada de todas.

Carballos, bidueiros, rebolos, faias, teixos, acivros, capudres, avelairas, pradairos...son algunhas das árbores entre moitas outras que hai nesta devesa, que está considerada como un dos dez mellores bosques da península Ibérica.

Unha marabilla única que entre tod@s debemos conservar.



Aldeas integradas na paisaxe

A vida na montaña é difícil e dura, - nove meses de inverno e tres de inferno- di o refrán popular.

Para protexerse destas duras condicións, as aldeas do Courel teñen as vivendas arrimadas unhas a outras e sitúanse, normalmente, a media ladeira e na aba que da ao Sur.

Están rodeadas polo souto, que ademais de leña e castañas, proporcionaba abrigo á aldea.



Unha viaxe pola historia do Courel

As terras do Courel foron habitadas desde moi antigo. E nesta visita vas ver algúns dos restos que nos deixaron os seus antergos.

Existían numerosos asentamentos castrexos, como o Castro de Vilar ou o Castro da Torre que podemos visitar. Tamén estiveron por aquí os romanos, que na procura de ouro explotaban minas como a da Toca.

Na Idade Media o Castelo de Carbedo controlaba unha vía secundaria da entrada do Camiño de Santiago en Galicia. A partir do século XVI, O Courel foi un importante fornecedor de ferro para a península. Das súas montañas saía o mineral que se transformaba en metal nas ferrerías (como a Ferrería Nova) e despois se traballaba nos mazos.

O Courel: terra de escritores

O Courel acolleu varios poetas galegos, como Uxío Novoneyra, María Mariño e Lois Pereiro, aos que se lles ten dedicado o Día das Letras e tamén Fiz Vergara Vilariño. Outro escritor lugués, Anxel Fole, recolle nos seus libros de contos, como en "Á lus do candil", moitas historias que acontecen nestas montañas.



Que imos facer?

1º DÍA: mércores

- 08:30.- Saída de Oleiros. Viaxe en bus.
- 10:30.- Quiroga. Pequeno descanso-merendiña
- 11:15-12:00.- Visitas ao Museo Xeolóxico de Quiroga
- 12:45.- Miradoiro Xeolóxico de Campodola
- 13:30.- Chegada ao Acampamento Caurel. Asemblea Normas. Grupos de traballo. Cuartos e aloxamento
- 14:30.- Xantar no campamento.
- 15:15.- Tempo libre no campamento.
- 15:45.- Asemblea de preparación
- 16:00.- Saída en autobús para Ruta do río pequeno.
- 19:45.- Chegada á albergue Acampamento Caurel
- 20:00.- Tempo de aseo e traballos cooperativos
- 21:00.- Traballos cooperativos. Cea
- 22:30.- Saída nocturna: Castro e Igrexa de Esperante.
- 24:00.- Descanso. Durmir.

2º DÍA: xoves

- 08:30.- Erguémonos. Aseo.
- 08:45.- Almorzo
- 09:45.- Saída en autobús ao punto de inicio da Ruta (Alto do Couto - Devesa da Rogueira - A Seara)
- 19:00.- Regreso ao Acampamento.
- 19:45.- Tempo de aseo e tarefas comunitarias
- 21:15.- Cea
- 22:30.- Xogos dos vagalumes ou cinema ambiental
- 23:45.- Tempo de descanso

3º DÍA: venres

- 08:30.- Erguémonos. Aseo
- 09:00.- Almorzo
- 09:45.- Acondicionamento do cuarto, recollida da equipaxe e preparación da mochila da ruta.
- 10:00.- Ruta a Moreda de Courel, visita á Casa de Uxío Novoneyra e paseo por Parada de Courel
- 14:00.- Xantar no acampamento do Courel - Asemblea avaliativa
- 16:00.- Saída do albergue
- 17:00.- Visita á aldea do Cebreiro
- 18:15.- Saída para Oleiros
- 20:00.- Chegada a Oleiros.